

Concello de Covelo

Expte. n.º: 167/2026

JACOBO MANUEL RAYÓN CEDEIRA, Secretario-Interventor no Concello de Covelo, provincia de Pontevedra,

CERTIFICO:

Que o Sr. Alcalde do Concello de Covelo ditou o día seis de marzo de dous mil vinte e seis, o Decreto que deseguido se transcribe na súa literalidade:

“

D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO, Alcalde-Presidente do Concello de Covelo (provincia de Pontevedra), en exercicio das funcións contempladas nos artigos 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como no artigo 61.1.s) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Vista a Orde de 16 de xaneiro pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 25, de 6 de febreiro de 2026) (Expediente nº 167/2026).

Vista a documentación que obra no expediente,

RESOLVO:

Primeiro.- Solicitar unha subvención á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a adquisición dun vehículo todoterreo para o servizo de medio ambiente e de contedores para a recollida selectiva de residuos por un importe total de sesenta e nove mil cento dous euros con setenta e cinco céntimos (69.102,75 €), ao abeiro da Orde de 16 de xaneiro pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 25, de 6 de febreiro de 2026) (Expediente nº 167/2026), integrado polas seguintes actuacións e coa seguinte desagregación:

- Adquisición de vehículo todoterreo para o servizo de medio ambiente no Concello de Covelo por importe de cincuenta e dous mil cento setenta e oito euros con corenta e oito céntimos (52.178,48 €).
- Adquisición de contedores para a recollida selectiva de residuos por importe de dezaseis mil novecentos vinte e catro euros con vinte e sete céntimos (16.924,27 €).

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, anteriormente mencionada.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar.....”.



Concello de Covelo

E para que así conste e produza os oportunos efectos, expido a presente certificación, por orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, D. Juan Pablo Castillo Amigo, en Covelo, na data da sinatura electrónica.

O secretario-interventor

Vº e praxe
O alcalde

